



**Asunto: solicitude de continuación do servizo de normalización lingüística no Concello de Nigrán**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

**EXPOÑO:**

Tras un proceso selectivo, **en setembro de 2016 creouse no Concello de Nigrán un servizo de normalización lingüística**, grazas á contratación dunha técnica de normalización lingüística ao abeiro das axudas para a dinamización lingüística convocadas pola Deputación Provincial de Pontevedra en 2016 e en 2017. De acordo coa convocatoria, o contrato tería unha duración de 12 meses cunha xornada laboral de 16,5 horas semanais.

Desde a CTNL felicitamos o Concello de Nigrán por afrontar o traballo de normalización lingüística a través dun departamento técnico e profesional, integrado na institución, que puido analizar a situación da lingua na entidade local e no municipio, e **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística para as áreas onde a intervención era máis urxente**. Grazas a este labor profesional desenvolvéronse **actividades de corrección e asesoramento lingüístico** no web municipal, na comunicación externa, nos formularios de maior uso e en diversos departamentos da entidade; **accións formativas** dirixidas ao funcionariado para mellorar as súas competencias lingüísticas; e diversas **campañas de dinamización lingüística** que incidiron en **tres áreas prioritarias**: no **comercio local**, na **rede asociativa** e na **infancia e mocidade**, neste último caso tras establecer unha **estreita colaboración cos equipos de dinamización lingüística dos centros de ensino**.



Alén de todas estas accións, **o Concello de Nigrán asinou en marzo de 2017 o protocolo de adhesión ao proxecto Apego (apego.gal)**, un ambicioso programa de dinamización lingüística dirixido ás familias con fillos e fillas menores de seis anos, co fin de promover a socialización na nosa lingua das nenas e dos nenos. Para desenvolver este programa, é necesario que o concello conte cun servizo de normalización lingüística que poida contactar coas familias, entrevistarse con elas para proporcionarlles argumentos que reforcen o uso da lingua, detectar as necesidades máis urxentes para promover a socialización en galego, desenvolver actividades concretas que axuden a promover o uso do galego na primeira infancia, etc.

Despois de case un ano, achégase a data de finalización do contrato da técnica de normalización lingüística e, logo da sinatura do protocolo do proxecto Apego, aínda está pendente de desenvolver este programa no Concello de Nigrán. Por outra parte, o labor desenvolvido nestes 12 meses precisa de continuidade; e a rede asociativa e os centros de ensino xa teñen un referente no concello para traballar de forma colaborativa co fin de mellorar o uso e o prestixio da lingua na sociedade nigranesa.

Polo tanto, SOLICITO:

- Que o **Concello de Nigrán reconsidere a decisión de interromper o servizo de normalización lingüística (SNL)** ata unha nova convocatoria de axudas da Deputación Provincial de Pontevedra, pois **un SNL que deixa de funcionar perde efectividade no seu labor de promoción da lingua**. Coa interrupción, as persoas destinatarias das accións de dinamización lingüística perden a referencia do departamento técnico que desenvolvía as accións de normalización da lingua e o impacto e o esforzo do traballo realizado durante un ano desaparece. Ademais, para levar a cabo un programa coma o proxecto Apego, é imprescindible o labor técnico dun servizo de normalización lingüística.
- Se de acordo coa anterior convocatoria non é posible a renovación do contrato existente, recomendamos unha **prórroga ata que sexa posible anunciar e resolver unha nova convocatoria da praza de técnico/a de normalización lingüística**.



- Así mesmo, suxerimos que na próxima convocatoria que se realice se prevexa a posibilidade de renovar o contrato da persoa que obteña a praza e a creación dunha listaxe de agarda, co fin de evitar que deba interromperse o servizo por sucesivas convocatorias ou por causas alleas á entidade local.
- Por último, recomendamos tamén que na vindeira convocatoria se prevexa unha contratación con maior dedicación temporal da/do técnico/a de normalización lingüística (xornada completa) co fin de que poida dedicarlle o tempo necesario ao labor de normalización lingüística que cómpre desenvolver nunha vila como Nigrán, pertencente á área metropolitana de Vigo e cun índice de desgaleguización elevado.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017